

Acta da reunión do Consello de Departamento**ASISTENTES**

Álvarez Sabucedo, Luis M.
Anido Rifón, Luis E.
Blanco Fernández, Yolanda
Caeiro Rodríguez, Manuel
Costa Montenegro, Enrique
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fernández Iglesias, Manuel J.
Fernández Masaguer, Francisco
García Duque, Jorge
Gil Castiñeira, Felipe
Gil Solla, Alberto
González Castaño, Francisco J.
Herrería Alonso, Sergio
Llamas Nistal, Martín
López Ardao, José C.
López Bravo, Cristina
López García, Cándido A.
Mikic Fonte, Fernando Ariel
Rodríguez Pérez, Miguel
Rodríguez Rubio, Raúl F.
Santos Gago, Juan M.
Suárez González, Andrés

Arriba Pérez, Francisco de
Candal Ventureira, David
Fondo Ferreiro, Pablo
García Méndez, Silvia

López Escobar, Juan José
Lugilde López, Adrián

Gesto Gayoso, Anxo

ESCUSAN ASISTENCIA

Burguillo Rial, Juan C.
Fernández Veiga, Manuel
Rodríguez Hernández, Pedro S.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Enxeñaría Telemática do 9 de xaneiro de 2025, convocada para as 10:00 horas en primeira convocatoria e para as 10:30 horas en segunda convocatoria na Sala de Xuntas da E.E. de Telecomunicación.

O 9 de xaneiro de 2025 ás 10:32 horas deu comezo a reunión ordinaria do Consello de Departamento co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, de actas anteriores.

Apróbanse as actas ordinaria do 18 de outubro e extraordinaria do 19 de decembro do 2024.

2. Informe do Director.

O Director informa sobre os seguintes puntos:

- O equipo de dirección complétase cos profesores Juan Manuel Santos Gago como subdirector e Andrés Suárez González como secretario.
- Mantivo conversas coa Vicerreitora de profesorado desde antes do Nadal con respecto ós prazos para a documentación da praza de axudante, non habendo problemas no seu envío ata o venres 17 de xaneiro.

3. Aprobación, se procede, de adscrición ó departamento de prazas *Ramón y Cajal*.

O Director propón a solicitude de adscrición ó departamento dunha das tres solicitudes, tralas conversas coa Vicerreitora de investigación e o director do GTI (grupo coas tres solicitudes de adscrición). Abrese turno de palabra onde se debate a proposta; nel a profesora Díaz Redondo pide que conste en acta que non comprende os argumentos a favor da contención na adscrición e só facelo cunha, e propón que se solicite a adscrición das tres solicitudes, secundada polo Enx. López Escobar. Ademais, o Enx. López Escobar indica que limitar o número de solicitudes o único que favorece é a endogamia. Realízase a votación entre as dúas propostas co seguinte resultado:

- A favor da solicitude de adscrición de 1 praza: 18.
- A favor da solicitude de adscrición de 3 prazas: 10.
- Abstención: 1.

A profesora Díaz Redondo solicita que conste en acta o seu voto a favor da segunda opción.

O profesor Fernández Iglesias solicita que conste en acta que lle produce tristeza persoal constatar que non é posible chegar a un modelo de consenso entre os grupos de investigación do departamento en canto á política de prazas de persoal docente e investigador postdoutoral.

Queda aprobada por maioría a adscrición de 1 solicitude ó departamento.

4. Rogos e preguntas.

O Enx. López Escobar pide aclaración de cómo se vai proceder coa solicitude de axudante doutor, e o director confirma que haberá

reunión do Consello o venres 17
ou antes.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:55 do día 9 de xaneiro de 2024, da que eu como Secretario do Departamento dou fe co visto e praxe do Director.

O Director do Departamento

O Secretario do Departamento

Dr. D. José Carlos López Ardao

Dr. D. Andrés Suárez González